

10:00-11:30

## **Aceleradora para a innovación e consolidación de entidades de economía social e solidaria**

**Organiza / Presenta / Dinamiza:** EspazoCoop - Unión de Cooperativas Galegas

**Patrocina:** FEDER - INTERREG V-A España- Portugal 2014-2020

### **Descrición:**

- Divulgar de forma práctica e amena esta acción a desenvolver por ESPAZOCOOP, que pretende facilitar os procesos de maduración, financiamento, posta en marcha e visibilidade de novas liñas de actividade e procesos de consolidación de natureza innovadora de entidades de economía social e solidaria.
- Facilitar o proceso de presentación de candidatura das entidades participantes para seren beneficiarias deste servizo.
- Xerar un espazo de intercambio e colaboración entre as entidades participantes que facilite o coñecemento mútuo e as boas prácticas vinculadas á temática da actividade.

Esta actividade enmárcase dentro da programación do proxecto LACES-POCTEP dentro da convocatoria INTERREG V-A España-Portugal 2014-2020.

**Dinamizan:** Apolo S.Coop.Galega / EspazoCoop

**Público obxectivo:** de forma preferente, persoas vinculadas a grupos promotores de proxectos de economía social e solidaria con actividade económica; entidades de economía social e solidaria con actividade económica de nova creación e en procesos de consolidación (cooperativas; sociedades laborais; empresas de inserción; asociacións; centros especiais de emprego; fundacións e montes veciñais en man común). Persoal técnico das entidades que fan parte do proxecto LACES e de outras redes da economía social e solidaria.

**Nº de prazas:** 15 (máximo)

**Lugar:** Sala de conferencias da planta baixa da Casa das Campás, Rúa Don Filliberto 9-11

**Inscripcións / Máis información :** 986 866 149 / ramon@espazo.coop